



## Federación Galega de Tenis

Fotógrafo Luis Ksado, 17-baixo, Of.1  
36209 VIGO

Tel. (986) 212982

Fax (986) 207399

Www.fgtenis.net

## Normativa TRIATHLON POR EQUIPOS ALEVIN-INFANTIL 2010



FUNDACIÓN  
DEPORTE  
GALEGO



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

Con esta actividade preténdese brindar unha experiencia placentera e formativa, estimulando o espírito de equipo e a deportividade. Isto depende soamente dos pais e adestradores presentes: *“Os nenos fan aquilo que esperamos deles”*.

### **Xogadores:**

*3 categorías de 5 titulares e ata 3 suplentes:* Alevín Masculino, Infantil Masculino e Equipo Feminino (alevín e infantil, das cales non poderán participar máis de catro infantís á vez)

Os alevines poden xogar en infantil, sen xogar en alevín nese encontro. (Isto quere dicir que, por exemplo, se un alevín xoga ao fútbol cos infantís, non poderá facelo cos alevines, pero se poderá xogar ao baloncesto cos da súa categoría).

Un xogador non pode repetir probas nun mesmo encontro: Por exemplo xogar individual e dobres, ou xogar con alevines e infantís). O equipo que o faga perderá automaticamente a proba. Entendéndose como tal o partido no que se incumpla a norma

### **Probas:**

#### **1. Tenis - 9 partidos**

Ao mellor de tres sets curtos, con tie break en caso de empate a 6. En función da dispoñibilidade de pistas poderase xogar co sistema "Non AD".

Alevín masculino - 3 partidos: 1 individual e dous dobres

Infantil masculino- 3 partidos: 1 individual e dous dobres

Feminino (Alevín e infantil) - 3 partidos: 1 individual, 1 dobre infantil, 1 dobre alevín/infantil

#### **2. Atletismo. substitucións : 9 probas**

En superficie lisa (quick, cemento ou similar). Para facilitar a recuperación realízan cada proba as tres categorías.

1.-coordinación : Proba das bólas (1 intento)

2.-Velocidade- 24 metros: ao mellor de 3 intentos

3. Resistencia: 1 intento: Infantil masculino: 2 voltas á pista de tenis ou similar, Alevín masculino e equipo feminino: 1 volta.

#### **3. Deportes: Baloncesto e Fútbolito**

Expulsión ao mínimo acto violento. (Pode ser reemplazado por outros, se o árbitro considéralo oportuno)

5 xogadores por equipo e poden facerse os cambios que se queira.

**Baloncesto:** Dous tempos de 10 minutos. Se pita falta intencionada, pé, dobres, campo atrás, pasos...

**Fútbolito:** Dous tempos de 15 minutos. O porteiro non pode saír do área. Pase do porteiro coa man. (Fose de porta co pé). Lateral e saque de esquina coas dúas mans.

Cada equipo deberá contar con algún axudante para colaborar nos arbitrajes dos partidos de fútbol e baloncesto.